

TOPÓNIMOS GALEGOS EN -OLLO DE PROBABLE ORIXE PRERROMANA

Carlos Búa

1. A interpretación etimolóxica da toponimia moderna de orixe prerromana é unha cuestión moi delicada polas seguintes razóns:

- a. A etimoloxía no ámbito da onomástica en xeral é menos segura ca no léxico común, dado que no caso dos nomes propios se ten que tratar de pescudar só a partir da forma sen dispoñermos da referencia segura do significado. O obxecto designado (río, monte, persoa ...) pode orientarnos cara a determinados campos semánticos. Con todo, as posibilidades son sempre tan amplas que na práctica non se pode reducir practicamente nada o nivel de incertidume.
- b. A etimoloxía da onomástica prerromana é naturalmente máis insegura aínda, dado que descoñecemos por completo ou case por completo a lingua na que se creou. Se nos movemos no ámbito dos nomes indoeuropeos, témo-la posibilidade de acadar algún éxito. Se pretendemos, en cambio, chegar ás camadas máis fondas preindoeuropeas, eu persoalmente son moi escéptico de que no noroeste ibérico se poida lograr nada digno de deposita-la nosa confianza.
- c. Se a toponimia prerromana se documenta en fontes antigas, só debemos temer os problemas da adaptación greco-latina (que poden ser moi profundos, como nos amosou Untermann na súa conferencia), pero se a primeira documentación é medieval ou (sobre todo) moderna, hai tantos cambios fonéticos regulares e irregulares que poden ter desfigurado as formas que a súa verdadeira orixe pode resultar insospeitable ou ser en todo caso unha simple hipótese máis entre outras igualmente viables¹.

Ante estas circunstancias é recomendable, por tanto, a maior prudencia á hora de dar por boa a etimoloxía de calquera topónimo moderno de (suposta) orixe prerromana, tendo sempre un san escepticismo como mellor aliado.

Carlos Búa

2. Podemos acomete-lo estudo dos topónimos prerromanos de distintas maneiras. En primeiro lugar podemos optar por tratalos individualmente ou en grupo.

Individualmente imos poder atopar algúns nomes con etimoloxía moi convincente, como, por exemplo, o topónimo *Ézaro* [= *Ésaro* con <z> hipercorrecto] (concello de Dumbría, A Coruña) que orixinariamente debeu designa-lo treito final do río Xallas que se guinda ó mar en altísima fervenza e que con enorme verosimilitude podemos interpretar e traducir como 'río bravo' ou similar². Así e todo, hai que ter en conta que, por unha parte, ningunha etimoloxía deste tipo é definitivamente segura ademais de moi convincente e que, por outra, na inmensa maioría dos casos as propostas son simples posibilidades que tomadas excesivamente en serio poden provocar danos maiores. O topónimo *Triabá* (concello de Barro PO), por exemplo, podería explicarse etimoloxicamente a partir de < **Treobá* < *Trebop?la* que se podería interpretar como 'protección da aldea'³ e converterse así nun posible argumento para interpretar esa mesma forma *Trebopala* da inscr. lusitana do Cabeço das Fráguas como topónimo. Este argumento pode en efecto terse en conta na discusión da interpretación deste texto lusitano, pero sería un erro consideralo proba de nada, dado que a súa propia etimoloxía non a temos probada.

É máis aconsellable estudar-los topónimos en grupos ou series polo seguinte motivo. Antes de propoñer unha etimoloxía indoeuropea ou non, celta ou non, debemos asegurarnos de que ese topónimo poida pertencer á lingua a partir da cal o queremos interpretar e o único criterio no que nos podemos basear é o da súa distribución xeográfica. Un topónimo solto calquera como *Iria* (concello de Padrón, A Coruña), por exemplo, podería en principio ser indoeuropeo ou preindoeuropeo e non hai xeito de que nos poidamos decidir por unha ou por outra opción. A serie toponímica en *-bre*, en cambio, é característica do extremo noroeste peninsular (concéntranse sobre todo ó norte do río Ulla), territorio habitado na antigüidade por pobos denominados célticos, de modo que podemos confiar na súa etimoloxía indoeuropea e máis concretamente celta.

3. Estes grupos ou series podemos establecelos asociando nomes segundo a súa parte inicial ou segundo a súa terminación. Ningunha das dúas opcións é totalmente segura, pero tampouco son equivalentes na súa calidade.

Se traballamos coa sección inicial imos correr dous riscos:

- a. Podemos confundir raíces con segmentos de formas orixinalmente prefixadas ou compostas⁴.
- b. Podemos asociar elementos que coinciden formalmente, pero que en realidade poden ser da orixe lingüística e semántica máis diversa. Se traballamos coa sílaba ou cun segmento inicial (por exemplo, *Car-*, *Mer-*, *Tur-* e tódolos que queiramos), ¿que certeza podemos ter de que pertencen á mesma lingua?

Topónimos galegos en -ollo de probable orixe prerromana

¿Acaso non pode haber formas que empecen por *Car-*, *Mer-*, *Tur-* etc. etc. na toponimia de calquera lingua do mundo que dispoña de tales fonemas? Pero aínda que correspondesen a unha mesma lingua, punto de partida que non é seguro e, por tanto, invalida os alicerces sobre os que se constrúe todo o demais, ¿que certeza podemos ter por outro lado de que tódolos *Car-*, tódolos *Mer-*, tódolos *Tur-* e tódolos demais correspondan a unha única e mesma raíz?

- c. Podemos tomar como representantes dun antigo grao apofónico determinado timbres vocálicos que poderían non ser antigos. Se botamos unha ollada ás nosas series toponímicas prerromanas (v. nota 10), podemos observar que os topónimos que integran a maioría delas teñen en común teren acentuación grave e empezaren por unha ou máis sílabas átonas (*Lañobre* / *Pantiñobre*, *Baroña* / *Carantoña*, etc.; ás veces a sílaba inicial átona aparece contraída coa tónica pola caída dunha consonante intermedia: *Trobe* < **Tobre* < **Taobre* < med. *Talobre*). En realidade é moi arriscado pensar que esas vogais manteñen a súa forma antiga, dado que sabemos que nese contexto e circunstancias as vogais son moi inestables. Pode verificarse, por exemplo, unha clara tendencia á transformación de **-e-* (que en última instancia podería remontar a **e*, **i*, **ai*, **oi*, **ei*, **oi*) en *-a-* a través da toponimia xermano-románica: got. **irm(in)a-* > **erm(en)-* aparece maioritariamente como *Arm*⁻⁵, got. **hildi-* > **elde-* aparece sempre como *Alde*⁻⁶, etc. Este feito ten repercusións moi importantes na hidronimia antigo-europea á que moitos se dedican con máis alucinación ca luces.

Se reunimo-lo material, en cambio, atendendo á súa terminación (sufixos e segundos membros de composto), aínda que mantendo tamén moitas reservas, imos poder traballar con algo máis de garantías, polas seguintes razóns:

- a. Non é menos certo que os sufixos poden coincidir tamén en forma e significado entre linguas emparentadas ou non xeneticamente, pero cada lingua ten un repertorio limitado de sufixos, máis limitado aínda de sufixos produtivos e máis limitado aínda de sufixos produtivos frecuentes ou típicos da toponimia (que son precisamente os que poden dar lugar a unha serie toponímica que sobreviva ó longo dun período milenar), de xeito que, se é fácil que unha listaxe feita a partir dun segmento inicial calquera inclúa formas de moi distinta orixe, xa non é tan fácil –aínda que repito que non imposible– que unha serie toponímica constituída por sufixos e localizada nunha área determinada se poida deber á casual acumulación de elementos heteroxéneos.
- b. Igualmente no caso dos compostos, tampouco é fácil que en dúas linguas diferentes se dean dous tipos de compostos toponímicos exactamente iguais en forma e produtividade. Sirva de mostra o certo trazado das grandes áreas lingüísticas ibéricas prelatinas establecido por Untermann atendendo

precisamente á distribución de determinados compostos toponímicos (en *-briga* na zona indoeuropeizada, en *-il(t)i-* no territorio ibérico, en *-uba* e *-ipo(n)-* na área do suroeste).

4. Dende o meu punto de vista e polas razóns aducidas, o xeito máis adecuado de estuda-la toponimia actual prerromana é pois por series agrupadas de acordo co seu segmento final, que se deixen enmarcar nunha área o mellor definida posible e, no caso ideal, que esa área teña unha correspondencia cun espazo lingüístico ou cultural de calquera tipo coñecido da Antigüidade. Deixando de lado aqueles casos que por distintos motivos particulares resultan ter unha etimoloxía convincente, considero daquela desacertado e estéril todo estudo que especule tanto sobre o significado de formas illadas e pouco caracterizadas como sobre series baseadas na coincidencia dun breve segmento inicial, particularmente cando se trate dun material moi disperso e non asociable a nada determinado⁷.

A pesar do forte incremento actual de traballos sobre toponimia moderna de orixe prerromana, un dos mellores estudos neste ámbito segue a se-lo de Moralejo Lasso a propósito dos topónimos en *-bre*⁸, que foi a culminación dunha longa serie de investigacións anteriores sobre o mesmo tema por parte de diferentes lingüistas encabezados por frei Martín Sarmiento. Paréceme unha boa proba da sabiduría e bo facer deste freire que aquí homenaxeamos o feito de que fose el o primeiro non simplemente en estudar, senon en enfocar correctamente o estudo destas formas (incluídas xa as súas variantes en *-bel-ve*), ó entendelas como integrantes dun conxunto particular e específico non latino, aínda que logo errase na súa interpretación etimolóxica, cousa que a ninguén ha de estrañar nunha época en que a lingüística histórica aínda non dera nin sequera os seus primeiros pasos⁹.

No noroeste puidéronse establecer un bo número de series toponímicas prerromanas (véxanse os traballos pertinentes de Moralejo Lasso¹⁰), ás que aínda hai outras poucas que se poden engadir. Estudalas sería do máximo interese, sempre e cando, claro, se considere de interese o coñecemento do noso pasado. Os profesores J. Untermann, J.J. Moralejo Álvarez, G. Pereira Menaut e mailo ninguén que vai para ningures que aquí escribe tiñámo-lo proxecto de confeccionar un *Thesaurus Palaeocallaicus*, onde tiñan segura cabida estas e tantísimas outras cousas que devecen por seren estudadas e dadas a coñecer, pero por desgraza non demos atopado a sensibilidade necesaria por parte das autoridades e institucións que o poderían facer saír adiante.

5. Se a toponimia en *-bre* e *-bra* e a súa antecedente antiga en *-bris*, *-brix* e *-briga*¹¹ a podemos considerar con toda razón raíz do prerromano occidental, deberíamos eleva-la toponimia en *-ocelum* á categoría de rei consorte, dado que, a pesar de non ter deixado restos tan abundantes na actualidade e talvez por eso ser menos coñecida, nas fontes antigas si está moi ben documentada. Os dous estudos máis recentes e interesantes sobre o tema son os de M.L. Albertos Firmat [1985] e Amílcar Guerra [1998].

Topónimos galegos en -ollo de probable orixe prerromana

A documentación antiga que eu considero máis fiable de **Okelo-* neu. é a seguinte:

a. Como nome simple:

• topónimo:

- (1) *Ókelon* (Ptol. 2,6,22) entre os calaicos lucenses.
- (2) *Ókelon* (Ptol. 2,5,7) entre os vetóns.

• adxectivo detoponímico en *-aiko-*:

- (3) *Ocel-a[e]ca* (Arant[i]a ~),
[O]cel-aeco (Arantio ~) (inscr. romana do conc. de Covilhã, Castelo Branco).
- (4) *Ocael-aeco* (Lari ~) (inscr. romana do conc. de Sarreaus, Ourense) con grafía <ae> hipercorrecta (= **Ocelaeco* ou **Oceleco*).

b. Como primeiro elemento de composto (infrecuente):

• topónimo:

- (5) *Ocelodurum* (*It. Ant.* 439,10) h. Zamora.

c. Como segundo elemento de composto:

• topónimo:

- (6) *Albocelo* abl. (inscr. romana do concello de Chaves VRE),
Albókela (Ptol. 2,6,19) entre os vacéos.
- (7) *Balatucelo* abl. (inscr. romana do conc. de Sabugal, Guarda) da *civitas* dos cularnos: probablemente < **Belatu-okelo-* con asimilación vocálica **belatu-* > **balatu-*¹².
- (8) *Louciocelo* abl. (inscr. romana do conc. de Cacabelos, León) dos interámicos.

• adxectivo detoponímico en *-ensi-*¹³:

- (9) *Aebosocel-ensis* (inscr. romana do concello de Coria, Cáceres): adxectivo derivado de **Aebos-okelo-*.
- (10) *Albocol-ensis* (inscr. romana do concello de Salamanca): adxectivo derivado de **Alb-okelo-* (con escurecemento do /e/ ante /l/ precedido de elementos labiais [cf. nº 13, pero tamén os nº 6, 9 e 14 onde non se produce ou manifesta na grafía]).
- (11) *Araocel-ensibus* (*castellanis* ~) (inscr. romana do concello de Mangualde, Viséu), probablemente < **Arav-ocel-ensi-*: adxectivo derivado de **Arav-okelo-* (con perda de -v- intervocálico).
- (12) *Cusicel-ensibus* (*Laribus* ~) (inscr. romana do concello de Valpaços, Vila Real) probablemente *Cusicelensis* < **Cusucelensis* (con asimilación

do *-u-* interno átono ás demais vogais palatais): adxectivo derivado de **Kusu-okelo-*.

- (13) *Sambaucol-en(sis)* (inscr. romana do concello de Chaves, Vila Real; v. *Aquae Flaviae* n.º 371 = CIL II 2482) probablemente < **Sambav-ocelensi-* (con perda de *-v-* intervocálico [cf. n.º 11] e ditongación das vogais en contacto **-avo-* > *-ao-* > *-au-*; con escurecemento do /e/ ante /l/ precedido de elementos labiais [cf. n.º 10]): adxectivo derivado de **Sambav-okelo-*.

- adxectivo detoponímico en *-aiko-*:

- (14) *Albucel-ainco* dat. (inscr. romana do concello de Viseu) probablemente < **Alb-okel-aiko-* (con *-o-* > *-u-* en contacto con labial e posiblemente <n> hipercorrecto en <*-ainco*> = *-aico*): adxectivo derivado de **Alb-okelo-*.

- (15) *Nemucel-aigabo* (*Deibabo* ~) dat. pl. (inscr. romana do concello de Chaves, Vila Real) probablemente < **Nem-okel-aiko-* (con *-o-* > *-u-* en contacto con labial): adxectivo derivado de **Nem-okelo-*.

- adxectivo detoponímico en *-aio-*:

- (16) *Calucel-aeo* (*Peico* ~) dat. pl. (inscr. romana do Castro de Villasmil, concello de Candín, provincia de León¹⁴) probablemente < **Kalu-okel-aio-*: adxectivo derivado de **Kalu-okelo-*.

- adxectivo detoponímico (probablemente) abreviado:

- (17) *Tarbucel-i* (*co*, *-aeco*, ... ?) (*Marti* ~) (inscr. romana do concello de Montariol, distr. de Braga) probablemente < **Tarv-okel-i(ko-*, *-aiko-*, ...) (con *-o-* > *-u-* en contacto con labial e oclusivización de *-v-* tras *-r-*): adxectivo derivado de **Tarv-okelo-*.

Do mesmo xeito que na franxa occidental son moitísimo máis frecuentes os topónimos en **-brig-* (con tódalas súas variantes) ca no resto da Hispania indoeuropea, tamén os topónimos en **ókelo-* se documentan practicamente todos na parte occidental (sobre a ?*kella* cántabra de Str. 3,4,3 v. máis adiante). Fóra da península temos, por unha parte, *Ocelum* na Galia Cisalpina (César BG 1,10) e, por outra, *Okélou ákron* (Ptol. 2,3,4) e varios compostos en **ókelo-* na Gran Bretaña (**Alaun-ocelum* v. Rivet-Smith p. 246, **Cint-ucelum* v. Rivet-Smith p. 308 e **Itun-ocelum* v. Rivet-Smith p. 380-381, todos con problemas de transmisión), onde tamén aparece en varias ocasións como epíteto de Marte (*Deo Marti Ocelo* RIB 949 de Carlisle; *Deo Marti Ocelo* RIB 310 e [*Deo*] *Marti [s]ive Ocelo Vellaun(o)* RIB 309 de Caerwent).

6. A acentuación latina de *Ocelum*, que é a base para a súa posterior evolución románica é *Ócelum*. Podémola recoñecer a partir dos seguintes feitos:

Topónimos galegos en -ollo de probable orixe prerromana

- a. Por unha parte, témo-la acentuación grega *Ókelon* (Ptol. 2,5,7; 2,6,22), *Albókela* (Ptol. 2,6,19). Dado que non se trata dunha posición condicionada polas regras de acentuación nesta lingua, non temos por qué dúbida de que estea reproducindo a posición normal do acento en latín, que é a lingua intermediaria.
- b. O testemuño epigráfico *Lari Ocaelaeco* de Sarreaus amósanos co seu <ae> hipercorrecto que a vogal que esta ditografía representa é un /?/ aberto, é dicir, un antigo /?/ breve, que de acordo coas leis de acentuación latina nese lugar e contexto ten que ser átono, recaíndo o acento sobre a vogal precedente (*Óc?lum*).

A acentuación latina, non obstante, non ten que ser necesariamente coincidente coa propia da lingua indíxena. Nesta o acento puido recaer noutra posición.

En canto á súa etimoloxía resulta moi convincente que esteamos ante un derivado da raíz ide. **h₂ek'* 'punta, esquina' (cf. het. *h?kur* 'cumio dun outeiro' con grao longo -?- na raíz) da que en distintas linguas indoeuropeas se documentan formas en (**h₂ek'-* > **h₂ak'-* >) *ak-*, como gr. *ak?* 'punta', lat. *acus* 'agulla', etc. e formas en (**h₂ok'-* >) *ok-*, como ide. **h₂ok'-ri-* > gr. *ókris* 'punta, esquina, cumio', lat. *ocris* 'mons confragosus', umbr. *ukar* 'castelo, acrópolis', ia. *a?rí-* 'esquina', ir. *ochair* 'esquina, canto'. Desta segunda variante radical con grao -o- temos en Galicia a xoia toponímica *O Grove* (Pontevedra) < med. *Ogobre* que pode vir de < **Ogobre* < lat. **Ocrubris* / **Ocribris* (variación latina -u- / -i- ante labial) < **Okri-brig-* ou de **Okol-* / **Oku-brig*¹⁵ 'acrópolis' en ámbolos dous casos.

A análise morfolóxica de **Okelo-* é, non obstante, insegura, dado que non sabemos con seguridade se se trata dun primitivo substantivo ou dun adxectivo substantivado. De ser un substantivo poderíamolo interpretar facilmente como diminutivo **oke-lo-* 'puntiña, curutiño', derivado dun tema **okole-* 'punta, cumio' que, se cadra, como acabamos de ver, temos en *O Grove* < *Ogobre*. Con todo, o seu uso na epiclesis teonímica británica (*Deo Marti Ocelo*) invita a ter en conta a posibilidade de que fose en orixe un adxectivo. Nese caso podería tratarse dun derivado en -lo- semellante, por exemplo, ó gr. *khthama-lós* 'baixo [? (a rente) do chan]' que está formado a partir do tema en grao cero do nome raíz ide. **d^hg^hem-* 'terra, chan', de xeito que interpretaríamos **oke-lo-* como 'alto, elevado [? (á altura) da punta, do cumio]' a partir do mesmo tema **okole-* 'punta, cumio' citado anteriormente¹⁶.

7. Albertos Firmat puxo estes topónimos antigos en relación con formas toponímicas actuais en *-ocelo(s)* / *-ucelo(s)* (entre outras que sen dúbida nada teñen que ver co que aquí estamos a tratar¹⁷). As razóns que a puideron levar a esta asociación son as seguintes:

- a. Por unha banda, temos unha inscrición romana procedente do concello de Sabugal, Guarda, onde se documenta un *Fuscus Selveri f Lim(icus)* /

Arcuce(...?) / an(norum) XXII ..., ‘Fusco fillo de Severo, límico do *castellum* Arcuce(...?), de 22 anos’. A forma *Arcuce* parece abreviada e, atendendo á existencia no concello límico de Laza (Ourense) do topónimo actual *Arcucelos*, ofrécese como interesante opción a ter en conta a posibilidade de restituir *Lim(icus) [castello] Arcuce(lo, -lensi)*¹⁸.

- b. Por outra banda, documéntanse tamén variantes gráficas esporádicas de **Ókelo-* con *-ll-* dobre, como é o caso do *Okélou / Okéllou ákron* británico (Ptol. 2,3,4¹⁹, v. Rivet-Smith p. 429) ou da forma helenizada *?kella* de Str. 3,4,3 entre os cántabros que, tomadas en consideración, poderían explicar as formas actuais en *-ocelo* con acento no *-e-* e *-l-* intervocálica.

Eu estou, non obstante, en contra desta posibilidade e as miñas razóns son as seguintes:

- a. A maioría dos testemuños que están libres da sospeita de se teren alterado por transmisión textual ou pseudoetimoloxías cultas (tódolos epigráficos!) presentan *-l-* simple, non tendo por tanto sentido ningún pretender que o *-ll-* dobre sexa a forma verdadeiramente etimolóxica.
- b. As formas actuais en *-ocelo*, *-ucelo* (tamén *-ecelo* e *-celo*) coas que se pretende poñer en relación o prerromano **Ókelo-* son claramente románicas, como vou tratar de amosar seguidamente e, por tanto, non teñen nada que ver coa serie toponímica prerromana que estamos a tratar.

Como é sabido, os sufixos diminutivos teñen un forte componente de expresividade e tenden a recharacterizarse continuamente, creando novas formas de si mesmos por combinación consigo ou con outros sufixos. O latín, por poñer só dous exemplos, coñece para *porcus* «porco» os diminutivos [**porc-elos >*] *porc-ulus* co suf. *-lo-*, [**porc-el-(e)los >*] *porc-ellus* con dobre suf. *-lo-* e mesmo *porc-ellulus* con triplo suf. *-lo-* ou *porc-ell?nus* coa combinación do dobre suf. *-lo-* co suf. *-?no-*; e para *mons* «monte» *monti-culus*, *monti-cellus* e *monti-cellulus*, neste caso a partir da combinación dos sufixos *-ko-* e *-lo-* e sucesivas recharacterizacións en *-lo-*.

A secuencia sufixal *-cellus* tivo notable éxito e desenvolveu un uso enorme, por exemplo, no castelán coa súa forma actual *-cillo* (*monte: monte-cillo, leche: leche-cilla*) que presenta sincronicamente variantes máis extensas (*luz: luc-ecilla, pie: pie-cecillo*) e posibles combinacións con outros sufixos (*luc-ecillita, pie-cecillico*, etc.). O galego, pola súa parte, non utiliza este sufixo na lingua falada actual. Non obstante, na toponimia galego-portuguesa temos exemplos abondo da súa presenza, entre os que escollo os casos seguintes:

– Masculinos:

gal. *Arcucelos*²⁰, port. *Arcozelo(s)*²¹: arco(s)

gal. *Montecelo(s)*²², port. *Montezelo(s)*²³: monte(s)

port. *Ortezelo*²⁴: horto
 gal. *Portocelo(s)*, *Portecelo*²⁵, port. *Portuzelo(s)*, *Portezelo*²⁶: porto(s)
 gal. *Praducelo(s)*²⁷: prado(s)
 port. *Seixezelo*²⁸: seixo

– Femininos:

gal. *Chancela(s)*²⁹: chan(s)
 port. *Pontizela*³⁰: ponte

Eu non vexo motivo para poñer-lo caso de *Arcucelos* de Laza (Ou rense) á parte destes outros e, por tanto, non podo estar de acordo con Albertos Firmat en buscar calquera tipo de relación entre este topónimo románico e o prelatino **Ókelo*-.

8. ¿Qué forma deberían presentar na actualidade os topónimos antigos en *-*ókelo*? Naturalmente deberían ser topónimos rematados en -*ollo*. Trala esperada síncope da vogal átona -e-, o novo grupo -cl- debe dar como resultado actual -ll-, do mesmo xeito que sucede regularmente en *nov?c(u)la* > *navalla*, *sp?c(u)lum* > *espe-llo*, *ap?c(u)la* > *abella*, *part?c(u)la* > *partilla*, *?c(u)lus* > *ollo*, *ac?c(u)la* > *agulla*, etc.

Esta forma resultante -*ollo* vira amolada a posible identificación dos membros desta serie de topónimos prerromanos, dado que en -*ollo* poden confluir outras formas antigas, especialmente -*oliu(m)*. O grupo de formas en -*ollo* que puiden reunir a partir das bases de datos de toponimia maior ó meu alcance poden clasificarse do seguinte xeito:

1. Pertencen ou poden pertencer ó ámbito da fitotoponimia os seguintes casos:
 - *Carabollo* (*Cabezas do -*) (concello de Castrelo do Val OU): gal. *carabollo* ‘a parte máis gorda da raíz (esp. de breixo)’.
 - *Redollo* (c. A Baña, A Coruña), *Redolho* (1. concello de Monção, Viana do Castelo; 2. concello de Vila Real; 3. concello de Lousada, Porto), *Redolhos* (concello de Gondomar, Porto): gal. *redollo* ‘froita, herba ou cereais tardíos’, port. *redolho* (var. *radolho*, *rodolho*), cast. *redrojo* (var. *redruejo*) son derivados de *retr?* (a partir do sentido de ‘de volta, de novo’ pásase a ‘posterior, tardío’).
 - *Tarambollo* (concello de Carballo, A Coruña), *Trambolho* (*Monte de -*) (concello de Évora): gal. *t(a)rambollo* ‘pau, tarugo’, port. *trambolho*.
2. Pertencen ou poden pertencer ó ámbito dos nomes de posuídores:
 - *Carollo* (concello de Oroso, A Coruña), *Carollíño* (concello do Pino, A Coruña): nome de persoa *Carolius*.
3. Son con seguridade a maioría e probablemente todos románicos os numerosos topónimos *Olo(s)*, aínda que ese sería o resultado do topónimo simple **Ókelo*:- *Olo* (*O -*) (concello de Begonte, Lugo), *Olho* (concello de Cantanhede,

Coimbra), *Olhos* (1. concello de Soure, Coimbra; 2. concello de Castro Marim, Faro), *Olho* (*Porto de -*) (concello de Cabeceiras de Basto, Braga), *Olho* (*Vale de -*) (concello de Tábua, Coimbra), *Olhos* (*Vale de -*) (concello de Santiago de Cacém, Setúbal), *Olho de Água* (1. concello de Portalegre; 2. concello de Estarreja, Aveiro; 3. concello de Vila de Rei, Castelo Branco; 4. concello de Loulé, Faro; 5. concello de Porto de Mós, Leiria; 6. concello de Rio Maior, Santarém; 7. concello de Palmela, Setúbal), *Olhos de Água* (1. concello de Albufeira, Faro; 2. concello de Marvão, Porto Alegre; 3. concello de Palmela, Setúbal), *Olhos* (*Quinta dos - de Água*) (1. concello de Montemor-o-Novo, Évora; 2. concello de Sines, Setúbal), *Olhos da Ferreña* (concello de Cantanhede, Coimbra), *Olhos da Praia* (concello de Benavente, Santarém).

4. As formas en *-ollo* restantes son:

- *Abollo* (*O -*) (c. Vila de Cruces PO).
- *Andamollo* (c. Silleda PO).
- *Becollo* (c. Noia AC).
- *Bendollo* (c. Quiroga LU).
- *Bollo* (c. Miño AC).
- *Dombrollo* (c. Friol LU).
- *Rambolho* (*Vale do -*) (c. Carregal do Sal, d. Viseu).
- *Sambollo* (c. Miño AC).
- *Tiollo* (c. Amoeiro OU).
- *Tollo* (c. Tomiño PO).

[– *Rollo* (*O -*) (1. c. A Estrada PO; 2. c. Tui Po; 3. c. Castro de Rei LU).]
 [– *Trolho* (c. Cuba, d. Beja), *Trollos* (c. Outeiro de Rei LU).]

9. Non pretendo que todas estas formas sexan antigos compostos en **-ókelo-*. Só se constitúen para min en principio nun grupo de formas que quedan sen explicar (ou, para ser máis correcto, que eu, que non son romanista, son incapaz de explicar) e que podería conter por tanto nomes prerromanos. Deixo á parte semiexcluídas as formas documentadas en máis dunha ocasión (*Rollo*, *Trolho*) e sobre todo tanto en singular coma en plural (*Trolho*, *Trollos*) que me parecen sospeitosas de non seren prerromanas.

Entre as restantes hai varias que atopan algunhas posibles correspondencias na toponimia antiga (I) ou noutras series de topónimos modernos de orixe prerromana (II). Eu destacaría por orde de preferencia os seguintes casos:

(I)

- *Sambollo* podería remontarse a **Sambaucelum* (cf. *Sambaucolen(sis)* na inscrición do concello de Chaves).
- *Andamollo* < **Andamocelum* ? (cf. o antropónimo indíxena *Andamus* documentado en Lugo, Ferreira do Zézere, Santarém, e Abertura, Cáceres).

Topónimos galegos en -ollo de probable orixe prerromana

- **Bendollo** < **Vindocelum* ? (cf. os topónimos antigo *mons Vindius* [Floro 4,12,49], medieval *Vendabre* [a. 887, concello de Betanzos, A Coruña] e moderno *Bendaña* [concello de Touro, A Coruña]).
- **Abollo** (*O -*) < **Ab-ocelum* ? (cf. o primeiro elemento *Abo-* / *Avo-* nos topónimos antigos *oppidum Abobrica* (Plin. NH 4,112), *Avobrigensi* (inscr. de Tarragona), *Aobrigenses* (inscr. de Chaves, Vila Real)).

(II)

- **Tiollo** (c. Amoeiro, Ourense) ? *Tiobre* (c. Betanzos, A Coruña).
- **Tollo** (c. Tomiño, Pontevedra), en caso de que procedese de **Talocelum* ? *Trobe* < **Tobre* < med. *Talobre* (c. Vedra, A Coruña).

10. Sen que ningún caso concreto se poida dar por seguro, paréceme que unha parte polo menos deste conxunto podería ser realmente prerromana. Non obstante, esta serie e mailas outras posibles aínda pouco ou nada exploradas³¹ piden a gritos unha investigación detallada e profunda, maior da que eu aquí lle puiden dedicar, consultando naturalmente toda a documentación medieval que é fundamental, pero eu lamentablemente nestes momentos non puiden propoñerme manexar. Quede, por tanto, esta miña contribución non como solución a ningún problema, senon polo contrario como simple achega de novos interrogantes para os que ogallá entre todos poidamos chegar a atopa-las respostas axeitadas.

Carlos Búa

BIBLIOGRAFÍA

- Albertos Firmat, M.L. (1985): «2. *Arantius Orelaecus, Arantia Orelaeca* y el elemento toponímico *Orelum*» no seu artigo «A propósito de algunas divinidades lusitanas», *Symbolae Ludovico Mitxelena septuagenario oblatae* I, Vitoria, pp. 469-474.
- Guerra, A. (1998): *Nomes pré-romanos de povos e lugares do ocidente peninsular* (vols. I-II), tese de doutoramento inédita, Lisboa.
- Piel, J. - Kremer, D. (1976) *Hispano-gotisches Namenbuch*, Heidelberg.
- Rabanal Alonso, M.A. - García Martínez, S.M. (2001): *Epigrafía romana de la provincia de León: revisión y actualización*, León.
- Rivet, A.L.F. - Smith, C. (1979): *The place-names of Roman Britain*, Londres.
- Villar Liébana, F. (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana*, Salamanca.

NOTAS

1. Imaxinemos que de Tui (PO) [< (*castellum*) *Tude* (Plin. NH 4,112), *Toûdai* (Ptol. 2,6,44), pl. de **tout?* < **teut?* ‘pobo, comunidade’ (irl. ant. *tuath*, got. *iûda*, osc. *touto*, etc.)] só coñecésemos a súa forma actual. Dificilmente poderíamos certa-la súa etimoloxía ou ser admitida por todos sen reservas. Tirariamos, se cadra, mellor pola posibilidade teórica de ser un nome de posuidor: *Tui* - *Teudericus* coma *Rui* - *Rodericus* ou, se cadra, *Tui* < **Tuoi* < **Teudoni*, coma tantos outros topónimos rematados en diptongo en -i (*Romai* < *Romani*, *Turei* < *Teuderedi*, *Caroi* < *Caroli*, *Bermui* < *Veremudi*, etc.).
2. *Ésaro* < **isaro-* (cf. outros hidrónimos europeos como alem. *Isar*, franc. *Isère* < **Isar?*, etc.) < *ide. *isH-ró-* ‘forte, poderoso’ (i.a. *isirá-* ‘forte’, gr. *hierós* [outras variantes dialectais *hiarós*, *h?rós*] ‘forte, poderoso; sagrado’).
3. *Trebo-* ‘aldea’ (cf. air. *treb* f. ‘casa, aldea’, alem. *Dorf* ‘aldea’ < xerm. **urpa-*), *p?l-?* posiblemente ‘protección’, abstracto dun adxectivo *p?lo-* ‘protector’ (i.a. *p?la-* ‘protector’ < *ide. *peh₂-ló-*).
4. Tomemos *Combarro* (c. Poio PO), como exemplo. Habitualmente segmentábase morfoloxicamente en *Comb-arro*, onde o radical *Comb-* sería o mesmo do noso *combar* (a relación da idea de «baía» con «curvar, facer curva» é manifesta, por exemplo, no alem. *Bucht* «baía», abstracto [< **buh-ti-*] da raíz dos verbos *biegen* «dobrar, combar, torcer» e o seu causativo *beugen*) e moitos daranse así por plenamente satisfeitos. Seguridade, así e todo, non hai a máis mínima. Co Pokorny na man e algo de paciencia non sería difícil atopar unha ou varias etimoloxías indoeuropeas que deran conta dunha posible segmentación *Com-barro*. Por exemplo, ocórreseme *Combarro* < **kom-barr-io-* «lugar onde hai moito barro, barreira», colectivo-abundancial en **ko(m)-[...]-io-* tipo alem. *Gebirge* [< **ga-berg-ja-*] «serra, lugar onde hai montañas» - *Berg* «montaña» [< **berga-*], documentado na Hispania prerromana, por exemplo, no topónimo *Koplánion pedíon*, i.e. unha chaira denominada *Ko-plan-io-* «lugar onde hai chairas [**plano-*]». Non obstante, nada se opón a que poida tratarse dun topónimo preindoeuropeo, dado que ningunha característica formal nos invita a considerar máis probable a súa indoeuropeidade, sendo nese caso posible calquera segmentación imaxinable, dado que ignoramos todo sobre a morfoloxía desa posible lingua.
5. *Almofrei* < **Armofrei* < **Ermofredi*, *Almigonde* < **Armigonde* < **Ermegundi*, *Armil* < **Ermild(e)* < *Erm(e)hildi*, *Armamar* < **Ermemar* < **Ermemari*, *Armamil* < **Ermemir* < **Ermemiri*, *Armenande* < **Ermenande* < **Ermenandi*, *Almariz* / *Armariz* < **Ermerici* < **Ermeriki*, *Almorfe* < **Armolfe* < **Erm(e)ulfi* (Piel - Kremer [1976 § 78]).
6. *Aldegode* < **Eldegode* < **Hildigoti*, *Aldegunde* < **Eldegunde* < **Hildigundi*, *Aldemir* < **Eldemir* < **Hildimiri*, *Aldemunde* < **Eldemunde* < **Hildimundi*, *Aldariz* < **Elderici* < **Hildiriki*, *Aldosende* < **Eldosende* < **Hildosindi*, *Alduara* < **Eldoara* <

**Hild(i)wara*, *Aldixe* < **Elduige* < **Hild(i)wigi*, *Aldurfe* < **Eldulfe* < **Hild(i)ulfi* (Piel - Kremer [1976 § 150]).

7. Canto máis dispersas se recollen as formas ou, dito doutra maneira, canto máis amplo é o territorio no que estamos dispostos a recoller formas, tantas máis imos poder atopar e cantas máis atopemos, máis nos parecerá que esa cantidade é por si mesma un argumento de peso que xa non podemos desdeñar. A cantidade dispersa é, por tanto, un argumento enganoso que non ofrece ningunha garantía nin se constitúe en proba de nada. Só as formas que claramente se concentren en áreas determinadas teñen con total independencia da súa máis ou menos voluminosa cantidade aquilo que nos interesa realmente, que é calidade.
8. A. Moralejo Lasso, «El elemento *-obre* en la toponimia gallega», *Cuadernos de estudios gallegos* II, 5, 1956, pp. 1-6; «Sobre los nombres toponímicos gallegos en *-obre* y sus afines», *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, Santiago de Compostela, pp. 49-83.
9. Martin Sarmiento no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1757) recolle as seguintes formas ás que atribúe orixe xermánica: *Anobres*, *Anzobre*, *Bañobre*, *Barallobre*, *Callobre*, *Cambre*, *Canzobre*, *Cecebre*, *Cillobre*, *Ciobre*, *Dubre*, *Fiobre*, *Fixebre*, *Illobre*, *Jobre*, *Landrobe*, *Lestrove*, *Lobre*, *Lubre*, *Obre*, *Partinobre*, *Pezobre*, *Sillobre*, *Tiobre*, *Tragobe*, *Trobe*. Considera latinos, en cambio, os topónimos *Castrove* < *castrum Iovis*, *Grove* < *Orobium Promuntorium* e *Xiabre* < *sabulum*.
10. En A. Moralejo Lasso, «Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega», *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, Santiago de Compostela, pp. 11-35, atopamos 1. *-antes* (*Barbantes* c. Punxín OU, Vilamarín OU, *Barrantes* c. Ribadumia PO, *Bemantes* c. Miño AC, *Cesantes* c. Redondela PO, *Marantes* c. Santiago de Compostela AC, *Ourantes* Punxín OU, *Serantes* c. Muxía AC, c. Ortigueira AC, c. Outes AC, c. Santiso AC, c. Vilanova de Arousa PO, c. Leito OU, etc.); 2. *-anca* (*Breanca* c. Miño AC, *Caivanca* c. Vilalba LU, *Cusanca* c. Boqueixón AC, c. O Irixo OU, *Maianca* c. Oleiros AC, *Trabanca* c. Outeiro de Rei LU, etc.); 3. *-aña* (*Bendaña* c. Touro AC, *Besaña* c. Touro AC, *Bragaña* c. Toques AC, *Moaña* PO, *Moraña* PO, *Xermaña* c. A Laracha AC, etc.); 4. *-oña* (*Cantoña* c. Teo OU, c. Paderne de Allariz OU, *Carantoña* c. Lousame AC, c. Vimianzo AC, *Centroña* c. Pontedeume AC, *Doroña* c. Arzúa AC, *Oroña* Outes AC, *Taragoña* c. Rianxo AC, *Visantoña* c. Santiso AC, etc.; e outras series máis.
11. Sirvan como exemplos en *-bris*: *Aviliobris* (inscr. c. Ponteceso AC), *Letiobri* abl. (inscr. de Braga), *Miobri* abl. (inscr. c. Lugo), etc.; en *-brix*: *Kaitóbrix* (Ptol. 2,5,2), **Talábrix* (acus. *Talábriga* en Apian. Hisp. 73); en *-briga*: *Lankóbriga* (Ptol. 2,5,5), *Koilióbriga* (Ptol. 2,6,41), *Nemetobriga* (inscr. de Sarreus OU), etc.
12. Cf. altar brit. procedente de Carlisle dedicado a *Deo Marti Belatu-cadro*.
13. Nunha inscrición perdida proc. de Tinhela (Monforte, Valpaços, distr. Vila Real; CIL II 2494 e v. especialmente *Aquae Flaviae* 1997 p. 463, n. 623) témo-lo

seguinte texto de interpretación dubidosa: SERMACELES . B . F . D, que de acordo coa lectura transmitida documenta unha forma *Sermacele(n)s(is / -i)*. Podería tratarse dunha mala lectura de *Sermaucele(n)s(is / -i)* (con posible nexa AV) que encaixaría ben coas formas nº 11 e 13 desta listaxe, pero tamén podería ser unha lectura correcta ou outra cousa totalmente distinta (*D(is) Serm-* / *D[i]s Ermacele(n)s(ibus)*, ... *M(arcus) Ac(...)* *Eles(us) B(ovi) f(ilius) ?*), de xeito que de ningún modo a podemos ter en conta.

14. Rabanal Alonso - García Martínez [2001: 50-51, nº 7, foto lám II n.º 2] len DEI CO(ssue ?) / CALV(i ?)/CELAE/O ELAESV/S CAEIAIO / IIX [VO ?]+. Eu prefiro ler PEICO / CALV/CELAE/O ELAESV/S CAEIAI [?] / IIX [...] e interpretar, aínda que con reservas na parte final, *Peico Calucelaeo Elaesus Caelai [f(ilius) ?] ex [voto]*.
15. A forma *Ogobre* é a normal na Idade Media. Se partimos dunha forma orixinal con **Okr-*, esperaríamos en principio **Ogrobre* > **Ogrobe*, coma en tódolos demais casos disimilados da mesma serie. Talvez debamos, por tanto, admiti-la posibilidade dunha protoforma **Oko-* / **Oku-bri(g)-* mantida sen cambios de posición do *-r-* na forma medieval *Ogobre* e con metátese na forma moderna *Ogrobe* (cf. med. *Talobre* > **Taobre* > **Tobre* > *Trobe* [c. Vedra AC]). A forma oficial actual presenta, como é ben sabido, reinterpretación do *O-* inicial como artigo determinado [castelaniz. †*El Grove*] e grafía non etimolóxica *-v-*.
16. Pola súa semántica cabe pensar, así e todo, tamén nunha posible relación entre **okelo-* e a raíz **kel(H)* ‘elevarse, sobresaír’ (cf. lat. *culmen*, etc.), habendo que buscar nese caso unha explicación para a vogal inicial (pref. **o-* ?, cruce formal con outra raíz ? [con **h₂ok’* ‘punta, esquina’ ?]). A necesidade desa explicación adicional fai que esta posibilidade resulte, así e todo, menos plausible.
17. As formas en *-e* que ela cita como *Oselle*, etc. son claramente topónimos formados a partir de *nomina possessoris* en xenitivo.
18. De non termos en consideración este dato, poderíamos restituír, por exemplo, *Arcuce(nsi)*, o que suporía un topónimo **Arcuca* ou **Arcucum*.
19. Esta variante de manuscrito podería ter sido influída pola forma da tamén británica e recollida no mesmo texto *Oúxellon* (Ptol. 2,3,6).
20. *Arcucelos* (concello de Laza OU).
21. *Arcozelo* ([1] conc. Barcelos, dist. Braga; [2] conc. Gouveia, dist. Guarda; [3] conc. Ponte de Lima, dist. Viana do Castelo; [4] conc. Vila Nova de Gaia, dist. Porto; [5] conc. Vila Verde, dist. Braga; [6] conc. Santa Maria da Feira, dist. Aveiro; [7] conc. Guimarães, dist. Braga; [8] conc. Seia, dist. Guarda; [9] conc. Penafiel, dist. Porto; [10] conc. Santo Tirso, dist. Porto; [11] conc. São Pedro do Sul, dist. Viseu), *Arcozelo da Torre* (conc. Moimenta da Beira, dist. Viseu), *Arcozelo das Maias* (conc. Oliveira de Frades, dist. Viseu), *Arcozelo do Cabo* (conc. Moimenta da Beira, dist. Viseu), *Arcozelos* (conc. Muimenta da Beira, dist. Viseu).

Carlos Búa

22. *Montecelo* ([1] conc. Abadín LU; [2] conc. Baltar OU; [3] conc. Begonte LU; [4] conc. Bergondo AC; [5] conc. Carral AC; [6] conc. Coristanco AC; [7] conc. Crecente PO; [8] conc. Marín PO; [9] conc. Melide AC; [10] conc. Nogueira de Ramuín OU; [11] conc. Monterroso LU; [12] conc. Ortigueira AC; [13] conc. Paderne AC; [14] conc. Palas de Rei LU; [15] conc. Salceda de Caselas PO; [16] idem; [17] Vilagarcía de Arousa PO), *Montecelos* ([1] conc. Antas de Ulla LU; [2] conc. A Baña AC; [3] conc. Friol LU; [4] conc. O Saviñao LU; [5] conc. Taboada LU; [6] conc. Vimianzo AC).
23. *Montezelo* ([1] conc. Maia, dist. Porto; [2] conc. Gondomar, dist. Porto; [3] conc. Viana do Castelo), *Montezelo Novo* (conc. Celorico de Basto, dist. Braga), *Quinta do Montezelo* (conc. Lisboa), *Quinta de Montezelos* (conc. Vila Real).
24. *Ortezelo* ([1] conc. Vieira do Minho, dist. Braga; [2] conc. Lousada, dist. Porto).
25. *Portocelo* ([1] conc. Camariñas AC; [2] conc. Catoira PO; [3] conc. Friol LU; [4] conc. Nigrán PO; [5] conc. Santiso AC; [6] conc. Vilalba LU; [7] conc. Xove LU), *Portocelos* (conc. Amoeiro OU), *Portecelo* ([1] conc. Curtis AC; [2] conc. A Estrada PO; [3] O Rosal PO).
26. *Portuzelo* ([1] conc. Vila Verde, dist. Braga; [2] conc. Ponte da Barca, dist. Viana do Castelo), *Portuzelos* (conc. Barcelos, dist. Braga), *Portezelo* (conc. Valença, dist. Viana do Castelo).
27. *Praducelo* ([1] conc. Riotorto LU; [2] conc. Samos LU), *Praducelos* (conc. Montederramo OU).
28. *Seixezelo* (conc. Vila Nova de Gaia, dist. Porto).
29. *Chancela* ([1] conc. de Oleiros AC; [2] conc. Palas de Rei LU), *Chancelas* ([1] conc. Boiro AC; [2] conc. Poio PO).
30. *Pontizela* (conc. Vinhais, dist. Bragança).
31. Por exemplo, topónimos en *-bría* como *Dumbria* que poderían proceder de **-br?va*; en *-dro* como *Dodro* < med. *Dalodro* [con posible variante secundaria en *-dre* como *Limodre*] que poderían remontar a **-durum*; en *-bá* como *Triabá* para os que entraría en consideración **-p?la*; etc.